



DÍA DO LIBRO

O 23 de Abril conmemoramos o día do libro. Adicamos toda a xornada a fomentar a imaxinación, a creatividade, a escoita activa, o respecto, o traballo en equipo,... a través da lectura e a análise de diferentes textos escritos, uns en galego e outros en castelán.

Empregamos unha dinámica construtiva. Seleccionáronse historias diferentes que se fragmentaron e repartiron entre os grupos preestablecidos e situados en distintas aulas: 3 grupos en 6º, 3 en 5º, 3 no 2º ciclo, 3 no 1º ciclo. Cada grupo tería fragmentos de catro historias .



*Os maiores distribuídos en grupos A, B e C encabezaban o traballo. Cada grupo tivo que buscar un nome que o representase: **Asertividade, Igualdade e Amizade** foron os valores elixidos.*

Simultaneamente en cada aula o alumnado estaba a traballar a parte da historia que lles tocara. Cando os de 6º remataron, achegáronse ata as outras aulas en busca dos distintos fragmentos que completarían os que eles tiñan. O grupo dos máis pequenos achegarían os debuxos e o título de cada relato.



¡Fíxadevos como están a traballar! Nin se decataron de que lles estabamos a tirar fotos. A diferenza de idade non foi un problema na comunicación dos grupos.

Unha vez constuídos os textos, os tres grupos, coa totalidade dos seus compoñentes, escoitaban a súa lectura. Cada grupo leo as catro historias, e logo por votación, escolleron a que máis lles gustou.

Ao noso grupo encantounos

“LA JOVEN DE BELLO ROSTRO”



Nós escollimos

“UNA VACA EN LA CAFETERÍA”



Ao noso equipo

“O ENCARGO DA SEÑORITA ELISA”



Estas foron manuscritas coidadosamente polo alumnado dos diferentes cursos que compoñían o grupo.

Concluimos a xornada coa lectura das tres historias favoritas, diante do mural que as recollía, e que será testemuña ao longo dos anos, da celebración deste día.



CEIP DE OÍMBRA
2009-2010